



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD85PRO01

Programación Departamento de Tecla

Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Materia/disciplina: PIANO COMPLEMENTARIO

Curso: 2025 - 2026



Índice

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	3
3	Atención á diversidade.....	4
4	Temas transversais.....	4
4.1	Educación en valores.....	5
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	5
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	6
6	Secuenciación do curso.....	7
6.1	Curso: 3º Grao Profesional.....	7
6.1.1	Obxectivos.....	7
6.1.2	Contidos.....	7
6.1.3	Avaliación.....	7
6.1.4	Recursos didácticos.....	8
6.2	Curso: 4º Grao Profesional.....	9
6.2.1	Obxectivos.....	9
6.2.2	Contidos.....	9
6.2.3	Avaliación.....	9
6.2.4	Recursos didácticos.....	10
6.3	Curso: 5º Grao Profesional.....	11
6.3.1	Obxectivos.....	11
6.3.2	Contidos.....	11
6.3.3	Avaliación.....	11
6.3.4	Recursos didácticos.....	12
6.4	Curso: 6º Grao Profesional.....	13
6.4.1	Obxectivos.....	13
6.4.2	Contidos.....	13
6.4.3	Avaliación.....	14
6.4.4	Recursos didácticos.....	14
7	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	16
7.1.1	Medidas de recuperación.....	17
8	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	20
9	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	20
10	ANEXOS.....	21
10.1	Probas de acceso 1º de grao profesional.....	21
10.2	Probas de acceso a outros cursos.....	21
10.2.1	Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional.....	21
10.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	21
10.4	Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais).....	23
10.5	Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible, para a avaliación extraordinaria e para a ampliación de matrícula).....	24
10.6	Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Profesional.....	25



1 Introducción

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así coma os específicos da materia de Piano Complementario, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para elo indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: Normativa das ensinanzas de música

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo adicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

2 Metodoloxía

Con carácter xeral primarase os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

- Principios metodolóxicos xerais:

Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), o dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

Motivación e autoestima: no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan



mediante distintos mecanismos de realimentación nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Aprendizaxe significativo: de acordo coa concepción constructivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de globalización: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

Personalización e atención á diversidade: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo – clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentarse a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado – alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado – profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción tutorial).

- Principios metodolóxicos específicos da materia:

Distribución temporal e progresiva dos obxectivos e contidos de xeito que se produza unha aprendizaxe sumativa. Nas sesións de clase, con carácter xeral isto concretarase no reparto do tempo en bloques:

- Traballo de pezas para piano
- Traballo da lecutra a primeira vista, estruturas harmónicas e exercicios que axuden ao alumnado a complementar a súa formación a través do piano.

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:



- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o desprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promóvese a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evítanse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentárase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

4.1 Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto caraos compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara a cultura en xeral.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regularlas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais,



datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.

- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumnado ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.



6 Secuenciación do curso

Esta materia impártese no Grao Profesional (3º ata 6º).

6.1 Curso: 3º Grao Profesional

Avaliación inicial: na primeira semana do curso o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre o estados emocional do alumnado, dos seus coñecementos musicais no piano e de todas aquelas cuestións que podan ser importantes para o desenvolvemento, e quedará reflexada no caderno de seguimento do alumnado.

6.1.1 Obxectivos

- Coñecer as partes básicas do piano e as posibilidades sonoras.
- Adecuar a postura ao piano (espalda, brazo, man)
- Diferenciar o papel do piano como instrumentos solista ou acompañante.
- Realizar diferenciacións dinámicas básicas.
- Iniciar ao alumno no cifrado tradicional a través de harmonías básicas (I, IV, V, I)
- Adoptar a lectura a primeira vista como un elemento natural de aprendizaxe.

6.1.2 Contidos

- Exploración das partes do piano dun xeito práctico, visual e auditivo.
- Adquisición dunha postura correcta ao piano
- Interpretación de pasaxes en posición fixa de cinco dedos en diferentes tesituras.
- Práctica de diferentes graos de dinámica e de legato e non legato
- Realización de acordes tríades e de sétima de dominante nas tonalidades de Do, Sol e Fa maiores e os seus relativos menores utilizando tanto o cifrado harmónico como o americano.
- Práctica do transporte con acordes I, IV e V en tonalidades de Do, Sol e Fa así como os seus relativos menores.
- Lectura á primeira vista de obras e pasaxes de dificultade mínima.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista.
- Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Ler de forma simplificada obras ou fragmentos con disposicións harmónicas diferentes.
- Acompañar unha melodía.
- Traballar enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en Do, Sol e Fa maiores.



Mínimos esixibles:

1º Trimestre

- interpretar unha obra para piano
- Traballar enlaces de acordes (I, IV, V) en Do M.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos

2º Trimestre

- interpretar unha obra para piano
- Traballar enlaces de acordes (I, IV, V) en Do M, FaM, Sol M
- Ler a primeira vista obras/fragmentos

3º Trimestre

- Interpretar unha obra para piano
- ler a primeira vista obras/fragmentos
- Ser capaz de acompañar e tocar unha melodía.

Criterios de cualificación

40%: interpretación de obras ao piano (traballo dos diferentes aspectos da técnica pianística)

20%: Improvisación e acompañamento de melodías.

20%: traballo da lectura a primeira vista e de estruturas harmónicas.

20%: actitude fronte á materia, calidade do estudo autónomo e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.

A nota final será un 30% o primeiro trimestre, 30% o segundo trimestre e un 40% o terceiro trimestre.

6.1.4 Recursos didácticos

- Mikrokosmos I B. Bartok
- Pezas Fáciies D. Kabalevsky
- Contemporary Class Piano E. Mach
- Estudos Op. 777 C. Czerny



6.2 Curso: 4º Grao Profesional

Avaliación inicial: na primeira semana do curso o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre o estados emocional do alumnado, dos seus coñecementos musicais no piano e de todas aquelas cuestións que podan ser importantes para o desenvolvemento, e quedará reflexada no caderno de seguemento do alumnado.

6.2.1 Obxectivos:

- 1.- Traballar o Uso básico do pedal.
- 2.- Estudar obras que tratan dificultades técnicas específicas, ampliando o traballado no curso anterior.
- 3.- Interpretar obras ou fragmentos onde sexa necesario facer unha diferenciación dinámica clara entre melodía e acompañamento, podendo ser este en forma de acordes.
- 4.- Tomar contacto con obras de diferentes épocas intentando apreciar os elementos estilísticos máis representativos.
- 5.- Realizar acordes tríades e de sétima de dominante nas tonalidades maiores e menores de ata dúas alteracións utilizando estruturas que conteñan os graos I, IV e V expresados tamén en cifrado americano.
- 6.- Práctica de transporte de pequenas obras ou pasaxes sinxelas con acordes I, IV e V en tonalidades de ata dúas alteracións.
- 7.- Prácticas de lectura á primeira vista.

6.2.2 Contidos:

- 1.- Interpretación de tres obras do nivel do curso.
- 2.- Enlace dos acordes tonais (I, IV e V) nas tonalidades de ata dúas alteracións, maiores e menores.
- 3.- Realización dunha estrutura harmónica improvisada, con acordes de I, IV e V graos e unha tonalidade de ata dúas alteracións.
- 4.- Lectura á primeira vista de obras sinxelas, con cambios de posición.

6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista.
- Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Ler de forma simplificada obras ou fragmentos con disposicións harmónicas diferentes.
- Acompañar unha melodía.
- Traballar enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en Do, Sol e Fa maiores.



Mínimos esixibles:

1º Trimestre

- interpretar unha obra para piano
- Traballar enlaces de acordes (I, IV, V) en 3 tonalidade Maiores e menores.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos

2º Trimestre

- interpretar unha obra para piano
- Traballar enlaces de acordes (I, IV, V) en 3 tonalidades Maiores e menores.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos
- Realizar estruturas harmónicas dadas polo profesor.

3º Trimestre

- Interpretar unha obra para piano
- ler a primeira vista obras/fragmentos con cambios de posición.
- Ser capaz de acompañar e tocar unha melodía.

Criterios de cualificación

40%: interpretación de obras ao piano (traballo dos diferentes aspectos da técnica pianística)

20%: Improvisación e acompañamento de melodías.

20%: traballo da lectura a primeira vista e de estruturas harmónicas.

20%: actitude fronte á materia, calidade do estudo autónomo e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.

A nota final será un 30% o primeiro trimestre, 30% o segundo trimestre e un 40% o terceiro trimestre.

6.2.4 Recursos didácticos

- | | |
|--------------------------------|---------------|
| – Método curso 1º e 2º | M. Carra |
| – Mikrokosmos II (ata o nº 55) | B. Bartok |
| – Pezas para piano | W. A. Mozart |
| – Pezas para piano Op. 39 | D. Kabalevsky |



6.3 Curso: 5º Grao Profesional

Avaliación inicial: na primeira semana do curso o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre o estados emocional do alumnado, dos seus coñecementos musicais no piano e de todas aquelas cuestións que podan ser importantes para o desenvolvemento, e quedará reflexada no caderno de seguimento do alumnado.

6.3.1 Obxectivos

- 1.- Usar con criterio o pedal de resonancia.
- 2.- Diferenciar planos sonoros no repertorio a traballar.
- 3.- Traballar obras de diferentes estilos.
- 4.- Coñecer as diferentes partes dunha obra e as consecuencias musicais derivadas.
- 5.- Realizar acordes tríades en todos os graos e de sétima de dominante nas tonalidades maiores e menores de ata catro alteracións utilizando tanto o cifrado harmónico como o americano e as dominantes secundarias.
- 6.- Transportar fragmentos e pezas sinxelas.
- 7.- Prácticar a lectura a vista de obras, fragmentos e acompañamentos de mediana dificultade.

6.3.2 Contidos

- 1.- Percepción interna da propia relaxación e da utilización consciente do peso do brazo.
- 2.- Desenvolvemento da técnica pianística básica (brazo, man)
- 3.- Coñecemento do instrumento. Coñecemento dos pedais e as súas funcións.
- 4.- Interpretación de obras a dúas e catro mans.
- 5.- Lectura harmónica (acordes maiores e menores de dominante e subdominante, enlaces dos mesmos, modelos de acompañamento diversos adaptados a cada estrutura).
- 6.- Lectura de partituras a primeira vista.
- 7.- Realización de acompañamentos de melodías instrumentais ou vocais.
- 8.- Elaboración de melodías e acompañamentos sobre estruturas armónicas dadas.
- 8.- Análise harmónico de fragmentos sinxelos de música para teclado.

6.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista.
- Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Ler de forma simplificada obras ou fragmentos con disposicións harmónicas diferentes.
- Acompañar unha melodía.
- Traballar enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en Do, Sol e Fa maiores.



Mínimos esixibles:

1º Trimestre

- interpretar unha obra para piano
- Traballar enlaces de acordes (I, IV, V) en 5 tonalidades Maiores e menores.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos

2º Trimestre

- interpretar unha obra para piano
- Traballar enlaces de acordes (I, IV, V) en en 5 tonalidades Maiores e menores.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos

3º Trimestre

- Interpretar unha obra para piano
- ler a primeira vista obras/fragmentos
- Ser capaz de acompañar e tocar unha melodía.
- Realizar pequenas pezas improvisadas.

Criterios de cualificación

40%: interpretación de obras ao piano (traballo dos diferentes aspectos da técnica pianística)

20%: Improvisación e acompañamento de melodías.

20%: traballo da lectura a primeira vista e de estruturas harmónicas.

20%: actitude fronte á materia, calidade do estudo autónomo e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.

A nota final será un 30% o primeiro trimestre, 30% o segundo trimestre e un 40% o terceiro trimestre.

6.3.4 Recursos didácticos

- | | |
|-------------------------------|-------------------|
| – O piano | Tchokov-Gemiu |
| – For children | B. Bartok |
| – Álbum Ana Magdalena | J. S. Bach |
| – Ländler D.366 (1, 5, 8, 15) | F. Schubert |
| – Album para a xuventude | P. I. Tchaikovsky |



6.4 Curso: 6º Grao Profesional

Avaliación inicial: na primeira semana do curso o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre o estados emocional do alumnado, dos seus coñecementos musicais no piano e de todas aquelas cuestións que podan ser importantes para o desenvolvemento, e quedará reflexada no caderno de seguimento do alumnado.

6.4.1 Obxectivos

- 1.- Usar con criterio do pedal de resonancia.
- 2.- Diferenciar os diferentes planos sonoros no repertorio a traballar.
- 3.- Estudar exercicios e obras onde se traballe tanto o legato como o non legato.
- 4.- Desenvolver un criterio persoal á hora de escoller dixitacións axeitadas.
- 5.- Traballar obras de diferentes estilos.
- 6.- Combinar diferentes ataques e articulacións.
- 7.- Coñecer as diferentes partes dunha obra e as consecuencias musicais derivadas.
- 8.- Realizar acordes tríades en todos os graos e de sétima de dominante nas tonalidades maiores e menores de ata catro alteracións utilizando tanto o cifrado harmónico como o americano.
- 9.- Practicar a lectura a vista de obras, fragmentos e acompañamentos de mediana dificultade.
- 10.- Reducir obras de piano e outro instrumento así como partituras pianísticas.

6.4.2 Contidos

- 1.- Posición base na execución pianística
- 2.- Percepción interna da propia relaxación e da utilización consciente do peso do brazo.
- 3.- Desenvolvemento da técnica básica pianística (brazo e man)
- 4.- Principios de dixitación pianística.
- 5.- Práctica dos diversos modos de pulsación e ataque en función da dinámica, o fraseo e o sentido musical.
- 6.- Interpretación de obras a dúas e catro mans.
- 7.- Lectura harmónica (acordes maiores e menores de dominante e subdominante, enlaces dos mesmos, modelos de acompañamento diversos adaptados a cada estrutura).
- 8.- Lectura contrapuntística.
- 9.- Lectura de partituras a primeira vista.
- 10.- Realización de acompañamentos de melodías instrumentais ou vocais. Elaboración de melodías e acompañamentos sobre estruturas armónicas dadas. Análise harmónico de fragmentos sinxelos de música para teclado.



6.4.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista.
- Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Ler de forma simplificada obras ou fragmentos con disposicións harmónicas diferentes.
- Acompañar unha melodía.
- Traballar enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en Do, Sol e Fa maiores.

Mínimos esixibles:

1º Trimestre

- interpretar unha obra para piano
- Traballar enlaces de acordes (I, IV, V) en todas as tonalidades maiores e menores.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos

2º Trimestre

- interpretar unha obra para piano
- Traballar enlaces de acordes (I, IV, V) en todas as tonalidades maiores e menores.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos con cambio de posición e tonalidade.

3º Trimestre

- Interpretar unha obra para piano
- ler a primeira vista obras/fragmentos
- Ser capaz de acompañar e tocar unha melodía improvisada.
- Realizar pequenas pezas improvisadas.

Criterios de cualificación

40%: interpretación de obras ao piano (traballo dos diferentes aspectos da técnica pianística)

20%: Improvisación e acompañamento de melodías.

20%: traballo da lectura a primeira vista e de estruturas harmónicas.

20%: actitude fronte á materia, calidade do estudo autónomo e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.

A nota final será un 30% o primeiro trimestre, 30% o segundo trimestre e un 40% o terceiro trimestre.

6.4.4 Recursos didácticos

- | | |
|-----------------------------|------------------|
| – Sonatina Op. 151 | Diabelli |
| – Sonatina 6 | L. Van Beethoven |
| – Sonatinas Op 36 nº 3, 4,6 | M. Clementi |
| – Pequenos preludios | J. S. Bach |



7 Procedementos e ferramentas de avaliación

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel (audicións técnicas, audicións de aula...)

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A **cualificación final** da materia será a media ponderada tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso: un 30% o primeiro trimestre, 30% o segundo trimestre e un 40% o terceiro trimestre.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

40%: interpretación de obras ao piano (traballo dos diferentes aspectos da técnica pianística)

20%: Improvisación e acompañamento de melodías.

20%: traballo da lectura a primeira vista e de estruturas harmónicas.

20%: actitude fronte á materia, calidade do estudo autónomo e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).



A nota final será un 30% o primeiro trimestre, 30% o segundo trimestre e un 40% o terceiro trimestre.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

- Interpretación de dúas obras.
- Realización de estruturas harmónicas dadas polo profesor
- Improvisación e acompañamento de melodías.
- Lectura a primeira vista dunha obra/fragmento.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Interpretación das obras para piano: 50%

Improvisación e acompañamento de melodías (25%)

Lectura a primeira vista e realización de estruturas harmónicas (25%)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

7.1.1 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.



Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

- Parte A: interpretación das obras para piano.
- Parte B: Realización de exercicios harmónicos e improvisación.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Parte A: Interpretación de dúas obras: 50%

Parte B:

- Improvisación e acompañamento de melodías (25%)
- Lectura a primeira vista e realización de estruturas harmónicas (25%)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

- Parte A: interpretación das obras para piano.
- Parte B: Realización de exercicios harmónicos e improvisación.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

Parte A: Interpretación de dúas obras: 50%

Parte B:

- Improvisación e acompañamento de melodías (25%)
- Lectura a primeira vista e realización de estruturas harmónicas (25%)



A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.



8 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de Tecla deixarase constancia deste seguimento así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

9 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, un análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.



10 ANEXOS

10.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Non procede.

10.2 Probas de acceso a outros cursos

10.2.1 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional

As persoas que desexen acceder a calquera curso de grao profesional distinto de 1º deberán realizar unha proba de acceso que consta de dúas partes:

A parte A da proba consistirá na interpretación, no instrumento da especialidade ou coa voz no caso da especialidade de Canto, de 3 obras pertencentes a distintos estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, 1 deberase interpretar de memoria.

Na parte B da proba realizarase un exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opte.

Para superar a proba deberase acadar unha cualificación mínima de 5 puntos en cada parte. A cualificación final da proba será o resultado da seguinte ponderación: parte A 70%, parte B o 30%.

Tanto para a realización da parte A coma da parte B os aspirantes deberán presentarse co acompañamento que o repertorio requira. Dito acompañamento corre a cargo do aspirante.

A valoración da parte B desta proba será conforme ao establecido no documento [Valoración da parte B das probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º curso de Grao Profesional](#), que se pode consultar na web do centro¹.

Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos). O grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

10.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.

¹ENLACE: conservatoriosantiago.gal/contenido/uploads/2018/06/acceso-a-otros-cursos-info-parte-b-acceso-otros-cursos-gp.pdf



- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

10.4 Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais)

C. Cualifica.	C. Avaliación	1 punto	3,5 puntos	5 puntos	6 puntos	7 puntos	8 puntos	9 puntos	10 puntos
Actitude fronte á materia, calidade do estudo autónomo e grao de esforzo	Participación activa nas clases e grao de esforzo. 10%	Mostra pouco interese, participación e esforzo mínimo na súa práctica. 0,1	O esforzo e a motivación son inconsistentes no seu traballo. 0,35	O interese é variable, cumprindo coas tarefas esixidas pero sen ir máis alá. MÍNIMO ESIXIBLE 0,5	Amosa interese pola materia, con esforzo na práctica e unha participación activa na clase. 0,6	Demostra gran motivación e traballo constante, buscando mellorar e nos contidos. 0,7	O seu esforzo é exemplar, con dedicación e iniciativa para traballar en áreas non esixidas. 0,8	Demostra unha motivación e un esforzo para alcanzar os obxectivos excepcionais. 0,9	A súa dedicación é extraordinaria en intención e logros cualificables. 1
	Calidade do estudo autónomo 10%	O estudo é ineficiente e non aplica en absoluto o traballado nas clases. 0,1	O estudio é ineficiente apenas aplicando o traballado nas clases. 0,35	Comeza a usar estratexias de estudio pero con pouca efectividade 0,5	Utiliza estratexias de estudo básicas que lle permiten avanzar de maneira autónoma. 0,6	Utiliza estratexias de estudo adecuadas ao seu nivel aplicando o traballado nas clases. 0,7	Utiliza estratexias de estudo adecuadas e de maneira regular mostrando certo nivel de autonomía. 0,8	Mostra un alto nivel de autonomía cun estudo ben organizado e de maneira sistemática e eficiente. 0,9	Traballa de maneira completamente autónoma, amosa iniciativa propia e un estudo perfectamente organizado e eficaz. 1
Improvisación e acompañamento de melodías	Improvisación sobre harmonía dada. 10%	Non logra crear ningunha melodía coherente. Non hai relación coa harmonía; ritmo caótico. 0,1	Intenta construír frases, pero sen coherencia. Ritmo inestable, erros no emprego das notas da harmonía. 0,35	Improvisa frases simples e con certo encaixe harmónico. Mantén un ritmo básico sen sentido musical. 0,5	Frases coherentes e con relación directa coa harmonía. Mantén o pulso. Pouca variedade rítmica ou melódica. 0,6	Bo control rítmico e coordinación coa harmonía. Frases con certa musicalidade. Erros menores. 0,7	Improvisación creativa e musical. Usa elementos harmónicos con intención, variedade rítmica e estruturación clara das frases. 0,8	Alto grao de fluidez e expresión. Relación harmónica e formal ben resolta. Improvisa con estilo e criterio musical propio. 0,9	Dominio total: improvisación melódica orixinal, ben estruturada, con perfecta integración harmónica e sentido expresivo avanzado. 1
	Acompañam. a melodía dada 10%	Incapaz de acompañar correctamente. Acordes sen relación coa melodía. 0,1	Intenta seguir a melodía con acordes básicos. Hai erros evidentes no ritmo ou na colocación harmónica. 0,35	Acompañamento funcional, pero plano ou repetitivo. 0,5	Acompaña correcto, usando acordes e ritmo axeitados. Acompañamento mecánico, pero melodía estable. 0,6	Acompañamento coherente, con certa expresividade. Uso adecuado de patróns harmónicos e ritmo. 0,7	Bo equilibrio entre melodía e acompañamento. Ritmo fluído, harmonía adaptada ao estilo. Mostra control técnico e musical. 0,8	Acompañamento expresivo, con recursos variados e bo dominio do teclado. Enriquece a melodía con textura e estilo. 0,9	Acompañamento excelente: harmonía rica, ritmo fluído, control dinámico e estilo definido. Interacción musical de alto nivel. 1
Traballo da lectura a vista e de estruturas harmónicas	Lectura a vista 10%	Non logra ler a primeira vista fragmentos de escasa dificultade. 0,1	Ten dificultades serias para ler a primeira vista. Realiza paradas e erros. 0,35	Lectura a vista básica. É capaz de simplificar o texto para manter tempo estable. 0,5	Lectura a vista funcional, mantendo o tempo estable sen apenas simplificar o texto. 0,6	Lectura a vista fluída con poucas inexactitudes e apenas simplificando o texto. 0,7	Lectura a vista fluída, con apenas erros, respectando as indicacións básicas da partitura. Non precisa simplificar o texto. 0,8	Lectura a vista fluída, sen erros, respectando as indicacións básicas da partitura. Non precisa simplificar o texto. 0,9	Lee con total fluidez, mostra unha correcta articulación, agoxía e expresividade. Non precisa simplificar o texto. 1
	Realización de estruturas harmónicas 10%	Condución de voces inexistente. Non coñece a relación funcional que se establece entre os diferentes acordes. 0,1	Dificultades importantes na condución de voces. Confunde funcións harmónicas básicas. 0,35	Realización básica, con certos erros na condución de voces e coñecemento básico das funcións harmónicas. MÍNIMO ESIXIBLE 0,5	Condución de voces aceptable, con poucos erros e coñecemento básico das funcións harmónicas e a súa sonoridade 0,6	Condución de voces maiormente correcta, mantendo certa fluidez e recoñecendo as funcións harmónicas. 0,7	Realiza unha boa condución de voces, sen erros e mostra comprensión teórica e sonora das diferentes funcións harmónicas. 0,8	Excelente condución de voces incorporando algunha nota de adorno. Mostra profunda comprensión sonora e teórica de funcións harmónicas máis complexas. 0,9	Realiza unha excelente condución de voces incorporando abundantes notas de adorno. Mostra profunda comprensión sonora e teórica de funcións harmónicas máis complexas. 1
Interpretación de obras ao piano	Dominio da técnica de base 20%	Non mantén unha postura relaxada ou unha posición da man e dedos axeitada. 0,2	Mostra inseguridade na posición, con tensións e movementos non desexados. 0,7	A posición é maioritariamente correcta, pero con imprecisións e falta de fluidez. 1	Mantén unha postura e posición correctas, con flexibilidade e axilidade crecentes. 1,2	Posúe unha técnica adecuada ao nivel, cunha postura correcta e xestos pertinentes. 1,4	Desenvolve unha técnica baseada na relaxación e eficacia de movementos, que permite un bo control e calidade de son. 1,6	Amosa un control xestual sólido capaz de resolver pasaxes complexas sen tensións e bo son. 1,8	Amosa un control xestual sólido capaz de resolver pasaxes técnicas complexas sen dificultade, sen tensións e cun son óptimo. 2
	Dominio das obras propostas 20%	O ritmo e o tempo son incorrectos cunha grande cantidade de erros de notas e valores. A execución non é fiel á partitura. 0,2	Mostra inestabilidade rítmica e de tempo, con moitos erros de notas. A execución é pouco fluída e con interrupcións. 0,7	Executa as pezas con algunhas imprecisións. A execución é pouco fluída e require de interrupcións ocasionais. MÍNIMO ESIXIBLE 1	O ritmo e o tempo son maioritariamente estables, con algúns erros de notas. A fluidez na execución é aceptable. 1,2	Mantén un ritmo e un tempo estables, con poucas ou ningunha imprecisión rítmica. A execución é fluída e fiel á partitura. 1,4	A execución é rítmicamente precisa, con grande fluidez e un tempo constante, respectando todas as indicacións do texto musical. 1,6	O ritmo, o tempo e a fluidez son excelentes, sen ningún erro de notas ou valores. A interpretación é totalmente fiel á partitura. 1,8	Execución perfecta, cunha precisión rítmica e un tempo impecables. A fluidez é total e a interpretación supera as expectativas do texto musical. 2
Observacións:									Cualificación:

10.5 Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible, para a avaliación extraordinaria e para a ampliación de matrícula)

C. Cualificac.	C. Avaliación	1 punto	3,5 puntos	5 puntos	6 puntos	7 puntos	8 puntos	9 puntos	10 puntos
Improvisación e acompañamento de melodías 25%	Improvisación sobre harmonía dada. 12.5%	Non logra crear ningunha melodía coherente. Non hai relación perceptible coa harmonía; ritmo e fraseo caóticos ou ausentes. 0,12	Intenta construír frases melódicas, pero sen coherencia. Ritmo inestable, uso accidental ou mecánico das notas da harmonía. 0,44	Improvisa frases simples e repetitivas, con certo encaixe harmónico. Mantén un ritmo básico pero sen desenvolvemento musical. 0,62	Frases coherentes e con relación directa coa harmonía. Mantén o pulso. Pouca variedade rítmica ou melódica, pero con intención clara. 0,75	Bo control rítmico e coordinación coa harmonía. Frases con certo desenvolvemento e musicalidade. Erros menores. 0,87	Improvisación creativa e musical. Usa elementos harmónicos con intención, variedade rítmica e estruturación clara das frases.. 1	Alto grao de fluidez e expresión. Relación harmónica e formal ben resolta. Improvisa con estilo e criterio musical propio. 1,12	Dominio total: improvisación melódica orixinal, ben estruturada, con perfecta integración,5 harmónica e sentido expresivo avanzado. 1,25
	Acompañam. a melodía dada 12.5%	Incapaz de acompañar correctamente. Acordes mal colocados, sen relación coa melodía nin co ritmo. 0,12	Intenta seguir a melodía con acordes básicos, pero comete erros evidentes no ritmo ou na colocación harmónica. 0,44	Acompañamento funcional, pero plano ou repetitivo. 0,62	Acompaña correctamente usando acordes e ritmo axeitados. Acompañamento algo mecánico, pero sostén a melodía de forma estable. 0,75	Acompañamento coherente, con certo grao de expresividade. Uso adecuado de inversións, patróns rítmicos e progresións harmónicas. 0,87	Bo equilibrio entre melodía e acompañamento. Ritmo fluído, harmonía adaptada ao estilo da peza. Mostra control técnico e musical. 1	Acompañamento expresivo, con recursos variados e bo dominio do teclado. Enriquece a melodía con textura e estilo. 1,12	Acompañamento excelente: harmonía rica, ritmo fluído, control dinámico e estilo definido. Interacción musical de alto nivel. 1,25
Traballo da lectura a vista e de estruturas harmónicas 25%	Lectura a vista 12.5%	Non logra ler a primeira vista fragmentos de escasa dificultade. 0,12	Ten dificultades serias para ler a primeira vista.Realiza continuas paradas e erros. 0,44	Lectura a vista funcional. É capaz de simplificar o texto todo o necesario para manter un tempo estable. <i>MÍNIMO ESIXIBLE</i> 0,62	Lectura a vista funcional, mantendo o tempo estable sen apenas simplificar o texto. 0,75	Lectura a vista fluída con poucas inexactitudes musicais e apenas simplificando o texto. 0,87	Lectura a vista fluída, con apenas erros, respectando as indicacións básicas da partitura. Non precisa de simplificar o texto. 1	Lectura a vista fluída, sen erros, respectando as indicacións básicas da partitura. Non precisa de simplificar o texto. 1,12	Lee con total fluidez, mostra unha correcta articulación, agóxica e expresividade. Non precisa de simplificar o texto. 1,25
	Realización de estruturas harmónicas 12.5%	Condución de voces inexistente. Non coñece a relación funcional que se establece entre os diferentes acordes. 0,12	Dificultades importantes na condución de voces. Confunde funcións harmónicas básicas. 0,44	Realización básica, con certos erros na condución de voces e coñecemento básico das funcións harmónicas. <i>MÍNIMO ESIXIBLE</i> 0,62	Condución de voces aceptable, con poucos erros e coñecemento básico das funcións harmónicas e a súa sonoridade. 0,75	Condución de voces maiormente correcta, mantendo certa fluidez e recoñecendo as funcións harmónicas. 0,87	Realiza unha boa condución de voces, sen erros e mostra comprensión teórica e sonora das diferentes funcións harmónicas. 1	Excelente condución de voces incorporando algunha nota de adorno. Mostra profunda comprensión sonora e teórica de funcións harmónicas máis complexas. 1,12	Realiza unha excelente condución de voces incorporando abundantes notas de adorno. Mostra profunda comprensión sonora e teórica de funcións harmónicas máis complexas. 1,25
Interpretación de obras ao piano 50%	Dominio da técnica de base 25%	Non mantén unha postura relaxada ou unha posición da man e dedos axeitada. 0,25	Mostra inseguridade na posición, con tensións e movementos non desexados. 0,87	A posición é maioritariamente correcta, pero con algunhas imprecisións e falta de fluidez. 1,25	Mantén unha postura e posición correctas, con flexibilidade e axilidade crecentes. 1,5	Posúe unha técnica adecuada ao nivel demostrando unha postura correcta e movementos pertinentes. 1,75	Desenvolve unha técnica baseada na relaxación e eficacia de movementos, que permite un bo control e calidade de son. 2	Amosa un control xestual sólido capaz de resolver pasaxes complexas sen tensións e bo son. 2,25	Amosa un control xestual sólido capaz de resolver pasaxes técnicas complexas sen dificultade, sen tensións e cun resultado sonoro óptimo. 2,5
	Dominio das obras propostas 25%	O ritmo e o tempo son incorrectos cunha grande cantidade de erros de notas e valores. A execución non é fiel á partitura. 0,25	Mostra inestabilidade rítmica e de tempo, con moitos erros de notas. A execución é pouco fluída e con interrupcións. 0,87	Executa as pezas con algunhas imprecisións rítmicas e de notas. A execución é pouco fluída e require de interrupcións ocasionais. <i>MÍNIMO ESIXIBLE</i> 1,25	O ritmo e o tempo son maioritariamente estables, con algúns erros de notas. A fluidez na execución é aceptable. 1,5	Mantén un ritmo e un tempo estables, con poucas ou ningunha imprecisión rítmica. A execución é fluída e fiel á partitura. 1,75	A execución é rítmicamente precisa, con grande fluidez e un tempo constante, respectando todas as indicacións do texto musical. 2	O ritmo, o tempo e a fluidez son excelentes, sen ningún erro de notas ou valores. A interpretación é totalmente fiel á partitura. 2,25	Execución perfecta, cunha precisión rítmica e un tempo impecables. A fluidez é total e a interpretación supera as expectativas do texto musical. 2,5
Observacións:								Cualificación:	

10.6 Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Profesional

C. Cualificac.	C. Avaliación	1 punto	3,5 puntos	5 puntos	6 puntos	7 puntos	8 puntos	9 puntos	10 puntos
Improvisación e acompañamento de melodías 25%	Improvisación sobre harmonía dada. 12.5%	Non logra crear ningunha melodía coherente. Non hai relación perceptible coa harmonía; ritmo e fraseo caóticos ou ausentes. 0,12	Intenta construír frases melódicas, pero sen coherencia. Ritmo inestable, uso accidental ou mecánico das notas da harmonía. 0,44	Improvisa frases simples e repetitivas, con certo encaixe harmónico. Mantén un ritmo básico pero sen desenvolvemento musical. 0,62	Frases coherentes e con relación directa coa harmonía. Mantén o pulso. Pouca variedade rítmica ou melódica, pero con intención clara. 0,75	Bo control rítmico e coordinación coa harmonía. Frases con certo desenvolvemento e musicalidade. Erros menores. 0,87	Improvisación creativa e musical. Usa elementos harmónicos con intención, variedade rítmica e estruturación clara das frases.. 1	Alto grao de fluidez e expresión. Relación harmónica e formal ben resolta. Improvisa con estilo e criterio musical propio. 1,12	Dominio total: improvisación melódica orixinal, ben estruturada, con perfecta integración, harmónica e sentido expresivo avanzado. 1,25
	Acompañam. a melodía dada 12.5%	Incapaz de acompañar correctamente. Acordes mal colocados, sen relación coa melodía nin co ritmo. 0,12	Intenta seguir a melodía con acordes básicos, pero comete erros evidentes no ritmo ou na colocación harmónica. 0,44	Acompañamento funcional, pero plano ou repetitivo. 0,62	Acompaña correctamente usando acordes e ritmo axeitados. Acompañamento algo mecánico, pero sostén a melodía de forma estable. 0,75	Acompañamento coherente, con certo grao de expresividade. Uso adecuado de inversións, patróns rítmicos e progresións harmónicas. 0,87	Bo equilibrio entre melodía e acompañamento. Ritmo fluído, harmonía adaptada ao estilo da peza. Mostra control técnico e musical. 1	Acompañamento expresivo, con recursos variados e bo dominio do teclado. Enriquece a melodía con textura e estilo. 1,12	Acompañamento excelente: harmonía rica, ritmo fluído, control dinámico e estilo definido. Interacción musical de alto nivel. 1,25
Traballo da lectura a vista e de estruturas harmónicas 25%	Lectura a vista 12.5%	Non logra ler a primeira vista fragmentos de escasa dificultade. 0,12	Ten dificultades serias para ler a primeira vista. Realiza continuas paradas e erros. 0,44	Lectura a vista funcional. É capaz de simplificar o texto todo o necesario para manter un tempo estable. <i>MÍNIMO ESIXIBLE</i> 0,62	Lectura a vista funcional, mantendo o tempo estable sen apenas simplificar o texto. 0,75	Lectura a vista fluída con poucas inexactitudes musicais e apenas simplificando o texto. 0,87	Lectura a vista fluída, con apenas erros, respectando as indicacións básicas da partitura. Non precisa de simplificar o texto. 1	Lectura a vista fluída, sen erros, respectando as indicacións básicas da partitura. Non precisa de simplificar o texto. 1,12	Lee con total fluidez, mostra unha correcta articulación, agóxica e expresividade. Non precisa de simplificar o texto. 1,25
	Realización de estruturas harmónicas 12.5%	Condución de voces inexistente. Non coñece a relación funcional que se establece entre os diferentes acordes. 0,12	Dificultades importantes na condución de voces. Confunde funcións harmónicas básicas. 0,44	Realización básica, con certos erros na condución de voces e coñecemento básico das funcións harmónicas. <i>MÍNIMO ESIXIBLE</i> 0,62	Condución de voces aceptable, con poucos erros e coñecemento básico das funcións harmónicas e a súa sonoridade. 0,75	Condución de voces maiormente correcta, mantendo certa fluidez e recoñecendo as funcións harmónicas. 0,87	Realiza unha boa condución de voces, sen erros e mostra comprensión teórica e sonora das diferentes funcións harmónicas. 1	Excelente condución de voces incorporando algunha nota de adorno. Mostra profunda comprensión sonora e teórica de funcións harmónicas máis complexas. 1,12	Realiza unha excelente condución de voces incorporando abundantes notas de adorno. Mostra profunda comprensión sonora e teórica de funcións harmónicas máis complexas. 1,25
Interpretación de obras ao piano 50%	Dominio da técnica de base 25%	Non mantén unha postura relaxada ou unha posición da man e dedos axeitada. 0,25	Mostra inseguridade na posición, con tensións e movementos non desexados. 0,87	A posición é maioritariamente correcta, pero con algunhas imprecisións e falta de fluidez. 1,25	Mantén unha postura e posición correctas, con flexibilidade e axilidade crecentes. 1,5	Posúe unha técnica adecuada ao nivel demostrando unha postura correcta e movementos pertinentes. 1,75	Desenvolve unha técnica baseada na relaxación e eficacia de movementos, que permite un bo control e calidade de son. 2	Amosa un control xestual sólido capaz de resolver pasaxes complexas sen tensións e bo son. 2,25	Amosa un control xestual sólido capaz de resolver pasaxes técnicas complexas sen dificultade, sen tensións e cun resultado sonoro óptimo. 2,5
	Dominio das obras propostas 25%	O ritmo e o tempo son incorrectos cunha grande cantidade de erros de notas e valores. A execución non é fiel á partitura. 0,25	Mostra inestabilidade rítmica e de tempo, con moitos erros de notas. A execución e pouco fluída e con interrupcións. 0,87	Executa as pezas con algunhas imprecisións rítmicas e de notas. A execución é pouco fluída e require de interrupcións ocasionais. <i>MÍNIMO ESIXIBLE</i> 1,25	O ritmo e o tempo son maioritariamente estables, con algúns erros de notas. A fluidez na execución é aceptable. 1,5	Mantén un ritmo e un tempo estables, con poucas ou ningunha imprecisión rítmica. A execución é fluída e fiel á partitura. 1,75	A execución é rítmicamente precisa, con grande fluidez e un tempo constante, respectando todas as indicacións do texto musical. 2	O ritmo, o tempo e a fluidez son excelentes, sen ningún erro de notas ou valores. A interpretación é totalmente fiel á partitura. 2,25	Execución perfecta, cunha precisión rítmica e un tempo impecables. A fluidez é total e a interpretación supera as expectativas do texto musical. 2,5
Observacións:								Cualificación:	